



Xogade

ATLETISMO EN PISTA

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

1. INSCRIPCIÓN

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar) formalizarase a través da páxina Web www.deporteescolargalego.com. Pódese acceder tamén a través da web "xogade.xunta.gal".

A data de peche de inscrición será o 31 de xaneiro de 2019.

2. PARTICIPANTES

Poderán participar neste programa XOGADE na modalidade de Atletismo en Pista, todos os clubs, centros de ensino, asociacións, ANPAS, etc. que cumpran os requisitos da inscrición.

3. CATEGORÍAS

BENXAMÍN: Nados nos anos 2011-2010 masculino e feminino.

ALEVÍN: Nados nos anos 2009-2008 masculino e feminino.

INFANTIL: Nados nos anos 2007- 2006 masculino e feminino.

CADETE: Nados nos anos 2005-2004 masculino e feminino.

A categoría cadete estará enmarcada no programa de Tecnificación organizado pola Federación Galega de Atletismo.

4. OBXECTIVOS XERAIS

Fomentar unha práctica deportiva, educativa e saudable. Difundir os valores da competición dende unha perspectiva máis regrada.

Experimentar a práctica atlética dende unha perspectiva máis regrada.

5. ESCENARIO DAS PRÁCTICAS E HORARIO

As probas celebraranse en Pistas de Atletismo ao aire libre, preferentemente en horario extraescolar.

Os Campionatos Provinciais deberanse realizar preferentemente na mesma xornada en todas as provincias, dependendo da dispoñibilidade de recursos materiais e organizativos.

6. SISTEMA DE COMPETICIÓN

Competición Individual, con xornadas comarcais ou intercomarcais e campionato provincial, para as categorías benxamín, alevín e infantil, masculino e feminino.

Durante o desenvolvemento das probas soamente poderán permanecer na pista os xuíces, os atletas que estean a participar nalgunha proba e aquelas persoas autorizadas pola organización.

SISTEMA DE COMPETICIÓN DO CAMPIONATO ESCOLAR DE ATLETISMO EN PISTA.

FASES

Celebraranse, como mínimo, tres xornadas previas á fase final provincial, nas que se programarán todas as probas indicadas no cadro anexo, de xeito que o programa de probas se desenvolva por completo dúas veces. No caso das probas combinadas poderase realizar un Campionato Provincial, sempre coincidindo en data cos campionatos de pista e de xeito que non interfira na duración da xornada.

Nas fases previas ao provincial específicas para benxamín, alevín e infantil individual, o Servizo Provincial poderá autorizar a inclusión de probas e participación dos atletas cadetes, sempre que non provoque unha alteración no desenvolvemento da xornada.

PARTICIPANTES POR ENTIDADE

Cada entidade poderá participar nas fases previas co número de participantes que desexe, a excepción dos concursos, nos que o número máximo de participantes por entidade, proba e categoría será de 6. En casos de escasa participación, e de forma excepcional, os servizos provinciais poderán autorizar a participación de máis atletas por proba e entidade, sempre que non se interrompa o normal desenvolvemento da competición. A participación nas fases provinciais queda supeditada á normativa propia de cada Campionato.

PARTICIPACIÓNS MÁXIMAS

Benxamín e Alevín: Cada atleta poderá participar nun máximo de 2 probas individuais e o relevo. No caso de ser carreiras, só unha poderá superar os 250m. A proba de remudas considerase a todos os efectos unha proba (carreira) agás que, en función da inscrición, o Servizo Provincial decida o contrario.

Infantil: Cada atleta poderá participar como máximo en 3 probas das que compoñen o programa, respectando sempre a seguinte norma: 3 concursos, 1 concurso e 2 carreiras, ou 2 concursos e 1 carreira. No caso de participar en 2 carreiras só unha poderá superar os 250m. A proba de remudas considerase a todos os efectos unha proba (carreira).

Os participantes en Triatlón (alevín) e os participantes en Tetratlón (Infantil) non poderán participar na mesma xornada noutra proba do programa individual nin na remuda. Cada entidade só poderá presentar un equipo de remuda por categoría e sexo.

Nas probas combinadas permitirase un máximo de 25 atletas inscritos por proba e categoría/subcategoría. No caso de superar este máximo, o Servizo de Deporte poderá limitar a inscrición de atletas por entidade.

NÚMERO DE INTENTOS

Os concursos realizaranse con mellora na fase Provincial, sempre que o horario das probas o permita. Nas fases previas realizarase 3 intentos independentemente do número de participantes.

CLASIFICACIÓN

Para o Campionato Provincial: para as categorías Benxamín, Alevín, Infantil (masculino e feminino), clasificaranse as 16 mellores marcas da totalidade de probas realizadas nas fases previas. Se algún/alguna atleta non puidese participar en ningunha das fases previas por motivos de enfermidade, lesión, etc, será potestade do Servizo Provincial correspondente a súa admisión na fase provincial, previa proposta razoada da Federación Galega ou Delegación Federativa correspondente.

INSCRICIÓNS NAS PROBAS

Será **requisito imprescindible** para tomar parte en calquera proba do programa Xogade, a mutualización do deportista a través da súa inscrición no equipo correspondente da súa entidade, na modalidade de atletismo en pista, na web: www.deporteescolargalego.com.

As inscricións realizaranse a través do sistema on-line da Federación Galega de Atletismo <https://isis.rfea.es/sirfea2/>, coas claves de Usuario e contrasinal asignadas e enviadas a cada club que xa participaron na modalidade de Campo a Través, no caso de non ter dita clave poden solicitala a Federación Galega de Atletismo, ao correo electrónico competición@atletismo.gal

No caso de que non faga a inscrición on-line deberá enviar a folla de inscrición debidamente cumprimentada por categoría e proba, aos correos da Federación Galega de Atletismo competición@atletismo.gal e Servizo de Deportes deportes.coruna@xunta.es, con data límite as 14:00 horas do martes da mesma semana da competición. Aínda así, e por cuestións prácticas, prégase o emprego da citada Plataforma, xa que facilita o manexo da información. Non se aceptarán inscricións fóra de prazo.

Nas fases provinciais, as inscricións dos equipos participantes deberán estar a disposición da organización antes das 20:00 do xoves da semana anterior á celebración da proba.

CAMPIONATOS PROVINCIAIS:

Nesta fase a inscrición será exclusivamente on-line e a data límite será o xoves da semana anterior á proba ás 20:00h.

A Federación Galega publicará con data límite o mércores da mesma semana da competición, ás 20:00h, a relación dos atletas participantes.

SISTEMA DE COMPETIÇÃO DO CAMPIONATO DE PROBAS COMBINADAS.

CATEGORÍAS

BENXAMÍN (*): Nados nos anos 2011-2010.

ALEVÍN: Nados nos anos 2009-2008 masculino e feminino.

INFANTIL: Nados nos anos 2007-2006 masculino e feminino.

(*): Para a categoría benxamín introdúcese o triatlón nos casos no que o horario do programa de probas o permita, previo acordo co servizo provincial correspondente.

FASES

Haberá Campionato provincial para as categorías alevín e infantil. No caso de que o horario de programa de probas o permita podería ampliarse a outras categorías.

CLASIFICACIÓN

Para o Campionato Provincial das categorías benxamín alevín e infantil a inscrición é aberta, sen clasificación previa. No suposto caso de que nalgunha provincia se prevea unha participación masiva, esta podería limitarse ás 16 mellores marcas da totalidade de probas realizadas nas fases previas. A orde das probas será 50m, lonxitude e peso nos benxamíns, 60m, lonxitude e peso nos alevíns, e 80m, 80mv, lonxitude e peso na categoría infantil.

7. PROGRAMA DE PROBAS

MASCULINO			FEMININO		
BENXAMÍN	ALEVÍN	INFANTIL	BENXAMÍN	ALEVÍN	INFANTIL
50	60	80	50	60	80
		150			150
500	500	500	500	500	500
1000	1000	1000	1000	1000	1000
	2000	2000		2000	2000
		80mv (0,84) 220mv (0,76) 1000 obstáculos			80mv (0,76) 220mv (0,76) 1000 obstáculos
1000 marcha	2000 marcha	2000 marcha	1000 marcha	2000 marcha	2000 marcha
Lonxitude 1-3 m	Lonxitude 1-3 m	Lonxitude 2-3 m triplo*	Lonxitude 1-3 m	Lonxitude 1-3 m	Lonxitude 2-3 m triplo*
altura	altura	altura pértega	altura	altura	altura pértega
peso 1kg	peso 2kg	peso 3kg	peso 1kg	peso 2kg	peso 3kg
pelota 200gr	pelota 300gr	xavelina 500 gr martelo 2 kg disco 800 gr	pelota 200gr	pelota 300gr	xavelina 400 gr martelo 2 kg disco 800 gr
4x50	4x60	4x80	4x50	4x60	4x80

*con táboas a 6m e 8m e carreira máxima de 15m.

Nas probas de velocidade e valados de benxamín e alevín non é obrigatorio a saída de tacos nin a medición do vento.

Na categoría infantil é obrigatoria a saída con 4 apoios (con ou sen tacos). Non se permitirá ningunha saída nula.

Utilizarase anemómetro nas carreiras e nos saltos horizontais.

Cadencias das alturas:

- benxamín: 0.80-0.85-0.90-0.95-1.00 (3/3)

- alevín: 0.85-0.90-0.95-1.00 -1.05 (3/3)

- infantil: 0.90-0.95-1.00-1.05-1.10 (3/3)

Cadencia de pértega: 1.80 (10/10), poderá iniciarse na altura máis baixa permitida pola instalación.

* Cada entidade só pode participar cun equipo de remudas por categoría e sexo.

PROGRAMA DE PROBAS COMBINADAS

MASCULINO			FEMININO		
BENXAMÍN TRIATLÓN	ALEVÍN TRIATLÓN	ALEVÍN TETRA TLÓN	BENXAMÍN TRIATLÓN	ALEVÍN TRIATLÓN	ALEVÍN TETRA TLÓN
50	60	80	50	60	80
lonxitude	lonxitude	lonxitude	lonxitude	lonxitude	lonxitude
peso 1kg	peso 2kg	peso 3kg	peso 1kg	peso 2kg	peso 3kg
		80mv			80mv

(*) O triatlón benxamín realizarase previo acordo co Servizo Provincial correspondente.

8. NORMATIVA

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Atletismo, que pode consultarse na páxina web da federación: <https://atletismo.gal/>

9. SEGURO

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está dispoñible no programa Xogade, na páxina web www.deporteescolargalego.com. Nesta páxina o acceso ao protocolo de actuación e á póliza do seguro é aberto.

Lembren que todo o corpo técnico, deportistas e familiares deben coñecer o protocolo de actuación do seguro de accidente deportivo.